

ACTA DA REUNIÓN EXTRAORDINARIA DA COMISIÓN DELEGADA DA FEDERACIÓN GALEGA DE TIRO OLÍMPICO, CELEBRADA NA SÉ FEDERATIVA, O DÍA VINTECINCO DE ABRIL DE DOUS MIL DEZAOITO.

ASISTENTES:

D. Angel Blas Paz Díaz.

Real Aeroclub de Lugo, representado por D. Enrique Lamas Cabado.

Dona Leticia del Valle Alvarez.

En Lugo, a vinteicinco de febreiro de 2018, na Sé da Federación, Avenida Infanta Elena Duquesa de Lugo, s/n – Casa do Deporte, e sendo as 18:00 horas en segunda convocatoria, reúnen-se os membros da Asemblea Xeral en Comisión Delegada, baixo a seguinte orde do día:

Punto único: Designación dos membros da Xunta Electoral.

O Presidente saúda aos asistentes e agradécelles a súa presenza nesta xuntanza, e informalles que na reunión da Asemblea Xeral da Federación Galega de Tiro Olímpico, en sesión extraordinaria para aprobar o Regulamento electoral, e de conformidade co Decreto 16/2018, do 15 de febreiro, polo que se establecen as bases e os criterios para a elaboración dos regulamentos electorias que deben rexer a realización dos procesos electorais nas federacións deportivas galegas, só se presentou unha candidatura para formar parte da Xunta Electoral, que foi elixida e aceptada pola Asemblea.

Como consecuencia, e no prazo establecido no devandito Decreto, corresponde a esta Comisión Delegada a designación e aprobación dos restantes membros da xunta electoral.

Punto único,- propónse a designación das seguintes persoas para formar parte da Xunta Electoral, que cumpren cos requisitos esixidos.

Membros Titulares: D. Yago Lanzós Gesto e Dona Iria Rancaño Otero.

Membros Suplentes: D. Alejandro González Barrio, D. Vicente Quiroga Figueroa e D. José Yáñez Álvarez.

Os membros da Comisión Delegada, acordan, por unanimidade a elección e designación das persoas propostas para formar parte da Xunta Electoral.

As persoas elixidas e aceptadas, tanto pola Asemblea Xeral como pola Comisión Delegada, deberán aportar a documentación que xustifique a titulación necesaria, e declaración de que cumpren coas condicións establecidas no Artigo 6.4 do Decreto 16/2018, do 15 de febreiro e aceptar expresamente o cargo de membro da xunta electoral, antes da súa constitución (dous días naturais dende a data da convocatoria do proceso electoral).

E sen mais asuntos que tratar, o Presidente agradece a colaboración dos membros da Comisión Delegada, e sendo as dezaioito horas e trinta minutos, levántase a sesión que se constata na presente acta.

A Secretaria Xeral,

Leticia del Valle Alvarez

Asdo.: Leticia del Valle Alvarez

Vº. e Prace,
O Presidente,



Angel Blas Paz Diaz
Asdo.: Angel Blas Paz Díaz.